

## PREGUNTAS

- ¿Pensa Vostede consensuar cas forzas políticas da oposición o proxecto presentado recentemente a avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a N640 no lugar de Veigas de Almorzar? ¿Non vai a facer unha información pública para explicarlle os veciños afectados a súa proposta? ¿Pensa Vostede que a mellor solución para todos é un viario pechado con vías laterais de servizos? ¿Por que o rexeitou cando Fomento o propoñía para a recta de Arcos e agora propono Vostede para Veigas de Almorzar? ¿Como é posible que non contemple o acordo unánime do Pleno de Caldas de Reis onde pedíamos o Ministerio de Fomento de que variante oeste de Caldas de Reis rematase xusto diante da entrada de Clesa?
- ¿Por que este Goberno Municipal ten a costume de non contestar as Administracións Públicas que requiren informe do Concello, especialmente os proxectos que están en avaliación ambiental como os dous proxectos que están en trámite no Pousadoiro e onde o Concello foi requirido ata tres veces pola Xunta de Galicia? ¿Por que non se lle da transcendencia en redes sociais as exposicións públicas como pasou recentemente cos viarios da parcelaria de Godos para que os veciños se poidan informar?
- ¿Cree Vostede que se pode executar o viario de San Martiño en prazo para non perder a subvención de 40.000,00 euros da Xunta de Galicia? ¿Que pensa facer, tendo en conta a baixa no importe da contratación, para non perder porcentaxe de subvención?
- ¿Cando pensa Vostede reparar o tramo de beirarrúa da urbanización de Pedra do Pan que destrozaron os camiós cando foi a crise da auga de abastecemento na EDAR e os vehículos cisterna recargaban dende alí a ETAP? Xa pasaron bastantes anos, Vostede comprometeuse e son beirarrúas que están situadas na proximidade da Escola Infantil e diante da parcela de veciños que non teñen porque padecer este abandono.



- ¿Cando pensa Vostede establecer o sentido único da pista de Veigas de Almorzar que foi demandado por 18 veciños do lugar mediante un escrito a súa atención?
- ¿Pensa Vostede cumprir o compromiso que asumiu co veciño de Tivo Nº25 que cedeu metros a vía pública co compromiso de retranquear Vostede os postes do alumado público e pechar a parte superior do muro de peche da súa finca?
- No asfaltado do tramo de camiño que Vostede denominou hoxe no punto primeiro deste Pleno “tramo dende Casaldrago o termino municipal de Cuntis” ¿Por que non utiliza o aglomerado en quente, porque motivo volta a asfaltar triple rego superficial, cando resulta que xa lle fixo un lavado de cada a este viario en plena campaña electoral e mire o que durou? Xa que fala de Casaldrago e resulta que o tramo que plantexa non toca Casaldrago ¿Por que non aproveita para asfaltar a baixada dende Casaldrago a Casalderrique que se atopa nun estado lamentable?. Tendo en conta que debido o lamentable estado do firme de este tramo de Ribocias a Magán os veciños se desviaban polo tramo que sae no Colexio de Ribocias ¿Por que non inclúe reparar ese tramo a vez que se fai o outro?

## ROGOS

- Que se conecten os veciños de San Martiño en Arcos da Condesa o alcantarelado antes de asfaltar a estrada, que despois non se teña que abrir o día seguinte.
- De novo, lle requirimos para que acondicione o firme da N640 no tramo de Reirís que foi cedido o Concello, este tramo ten moita circulación de veciños e está nun estado lamentable.
- Que se habiliten bandas limitadoras de velocidade e sinalización vertical nas vías da parcelaria de Saiar na proximidade do Centro Social e do acceso a rotonda na N640 posto que algúns vehículos circulan por esas pistas a unha elevada velocidade e son moi utilizadas por veciños e vehículos agrícolas para labores agrícolas nas parcelas. Igualmente en Saiar que se reparen as bandas limitadoras de velocidade que están xusto diante do local social.
- Que se proceda urxentemente a tomar medidas para que as tapas dos rexistros do firme da rúa Igrexa deixen de facer ruído cada vez que pasa un vehículo por esa rúa, e igualmente que se revise toda a rede de sumidoiros e alcantarelado de esa rúa posto que agora cada vez que chove con forza levántanse as tapas e sae un caudal importante de auga que provoca auténticas riadas nesta rúa e nas outras próximas (Hornos, Embudiño, Real, etc.)
- Que se habilite un acceso para peóns e bicicletas na ponte de ferro da vía verde sobre o río Umia, de maneira que os que vaian a iniciar a vía verde dende o paseo da beira do río Umia poida acceder a vía verde con comodidade.